

Cousas de bruxas
"A fada da marmelada"
Xavier Frías Conde

A Tareixa era unha bruxa ruín ruinísima. Era tan ruín que minguara e minguara até se tornar en diminuta. E é que por mor da súa maldade, a Tareixa reducira ao tamaño dun puño.

A Tareixa chegara a se converter en case un demo. Tiña a pel de cor cinza e levaba sempre unha roupa preta que cheiraba a xofre. Voaba enriba dun plumeiro a moita velocidade, a procurar o lugar exacto onde facer algunha falcatruada. Era practicamente invisíbel para o ollo humano.

Gustáballe, por exemplo, pasar por baixo dos cascos dos motoristas, estirándose moitísimo, e argallarles entre as orellas, como se fose un abellón. Daquela, o motorista premía no acelerador da moto e arrincaba a toda velocidade facendo un ruído espantoso e organizando un caos xigante no tráfico, porque pasaba por riba de coches, autobuses, peóns e até elefantes se daquela houbera algún a cruzar a rúa.

Tamén lle gustaba pasear por entre as operadoras telefónicas, facéndolles cóxegas embaixo do nariz, até elas berraren en algo que semellaba xaponés e deixaren os usuarios dos servicios telefónicos pampos por creren que a súa chamada saíra desviada para a China.

Mesmo nunha ocasión, a Tareixa mobilizou unha escuadra de tanques. Por mor dun feitizo, convencera un coronel de que os tanques habían atacar unha colonia de moscas. O resultado foi terríbel, porque naturalmente os tanques non mataron mosca ningunha mais, en troques, fixeron unha chea de buratos nun campo de golf. Sen embargo, aquilo tivo a súa parte boa, porque despois o campo de golf valeu como reserva natural de morcegos.

Así as cousas, Tareixa facía unha falcatruada tras doutra, e cada día era máis e máis ruín, máis e máis cincenta, máis e máis pequena... Até aquel día. Si. Porque aquel día, da que buscaba unha falcatruada para facer, descubriu aquel recendo tan estraño.

Nunca tal ulira.

Era doce, suave e a boca tornábase en auga.....

... Aínda que a Tareixa era moi moi ruín, non podía de ser curiosa e mesmo, quen sabe, até era lamboa. O certo é que o cheiro viña dunha xanela dunha casa pequena dun barrio afastado da cidade xigantesca. Ninguén podería atopar aquela xanela agás polo olfacto. E a Tareixa atopouno. Sen pensalo dúas veces, voou até aquela xanela da que procedía aquel olor marabilloso. A bruxiña pensou que debía tratarse dalgunha poción fantástica que ela descoñecía. Pensou tamén que se se facía con ela, podería facer falcatruadas aínda maiores.

Xa dito xa feito, alcanzou a xanela e penetrou no cuarto. Era unha peza humilde onde había unha caldeira sobre o lume a ferver. Dentro fervellaba un líquido espeso, de cor avermellado. A Tareixa pensou que aquilo debía ser, ao menos, sangue de dragón, que, é preciso dicilo, ela nunca non vira na súa vida.

A Tareixa asomou os fociños dentro da caldeira. Ía moita calor alá dentro. E a bruxa, como era moi curiosa, esvarou desde o plumeiro e caeu dentro da pota.

Choff!!